

Fondo público solidario de libros de texto e axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160516/AnuncioG0164-040516-0005_gl.html [1]

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publica no DOG de 16/05/2016 a orde do 27 de abril de 2016, pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, ESO e educación especial en centros sostidos con fondos públicos, unificou estas tres ordes de convocatoria para o vindeiro curso 2016-2017.

O vindeiro curso 2016/2017 o **Fondo solidario de libros de texto** estará accesible para o alumnado matriculado en **3º, 4º, 5º e 6º de primaria, e en 1º e 3º de ESO**. Nos restantes cursos, **1º e 2º de educación primaria e 2º e 4º de ESO así como en educación especial**, funcionarán as **axudas para a adquisición de libros de texto**. No caso do **material escolar**, convócanse **axudas para a súa compra** destinadas ao **alumnado matriculado na educación primaria, ESO e educación especial**.

Fondo público solidario

A asignación de libros de texto efectuarase ao alumnado que participe neste fondo, por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar, ata que se esgoten existencias, tendo preferencia os alumnos tutelados pola Xunta de Galicia o con discapacidade superior ao 65%.

Si se esgotasen os libros dispoñibles no fondo solidario o colexio adquirirá os libros de texto complementarios que sexan necesarios para garantir

- Ao alumnado con renda per cápita igual ou inferior a 5.400 euros: **seis (6) libros** de texto.
- Ao alumnado con renda per cápita superior a 5.400 euros e igual o u inferior a 9.000 euros: **catro (4) libros** de texto.
- Ao alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%: **seis (6) libros** de texto, con independencia da súa renda familiar.

Cómpre lembrar que será requisito fundamental para acceder ao fondo solidario, ou recibir as axudas para libros ou material escolar ter devolto os libros, ben utilizados do mesmo fondo o ano pasado, ben adquiridos con cargo á convocatoria de axudas para a compra de libros de texto, o que tamén será de aplicación para o curso seguinte.

Axudas para adquisición de libros de texto e material escolar

Contías:

<u>Educación Primaria</u>	<u>Educación Secundaria Obrigatoria</u>
<ul style="list-style-type: none">• Renda per cápita familiar ata 5.400,00 euros: 170 euros• Renda per cápita familiar desde 5.400,01 ata 9.000,00 euros: 90 euros	<ul style="list-style-type: none">• Renda per cápita familiar ata 5.400,00 euros: 180 euros• Renda per cápita familiar desde 5.400,01 ata 9.000,00 euros: 104 euros

A renda per cápita da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do **exercicio fiscal 2014** entre o número de membros computables. A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia (pais e fillos que convivan no mesmo domicilio) que obtivesen ingresos de calquera natureza ao longo do citado exercicio fiscal. Os membros computables que presentasen declaración da renda sumaran a base imponible xeral (**recadro 430**) e a base imponible do aforro (**recadro 445**) e o total dividirase entre todos os membros que compoñen a unidade familiar. Cando non se presentase declaración sumaranse os ingresos netos obtidos ao longo do 2014. Si algún membro da unidade familiar tivese unha discapacidade igual ou superior ao 33% computará por dous.

No caso das **axudas para a compra de material escolar** para alumnado matriculado en educación primaria, ESO e educación especial, a **renda per cápita familiar será igual ou inferior a 5.400 euros**, e a contía da axuda será de **50 euros**.

O alumnado matriculado en **educación especial**, en centros específicos ou en unidades de educación especial en centros ordinarios, así como o que presente **unha discapacidade igual ou superior ao 65%**, que solicite a axuda e que cumpra os requisitos recibirá un importe de **250 euros**, con independencia da renda per cápita familiar.

Prazos:

O prazo para a presentación de solicitudes **comeza o día 18 de maio e remata o 23 de xuño de 2016.**

Documentación:

☞ Solicitude

- ☞ Acreditación dos membros computables da unidade familiar que se poderá realizar presentando orixinal do Libro de Familia ou copias cotexadas das follas onde figuren todos os membros que a compoñen. No casos de que non se dispoña de Libro de Familia ou este non reflecta a **situación en 31 de decembro de 2014**, o número de membros poderase acreditar con:
 - Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor
 - Certificado de convivencia (expedido polo Concello).
 - Informe dos Servizos Sociais do Concello onde resida a familia
 - Certificado de defunción

Para solicitar calquera das tres modalidades (fondo, axudas para a adquisición de libros e axudas para a compra de material escolar) só será preciso presentar **unha única solicitude por centro e familia**, poderase recoller en calquera centro ou descargala da páxina web da Xunta: <http://www.xunta.es/formularios/generarPlantillaPDF?conselleria=ED&procedimiento=330B&version=0.0&idioma=gl> **ES**, incluíndo nela a todos/as os/as fillos/as que estean escolarizados nel. En consecuencia, **a documentación só se ten que presentar unha vez**.

IMPORTANTE.- Si nos apartados correspondentes da solicitude, os membros computables da unidade familiar (pais non separados nin divorciados legalmente ou titor/titores, fillos/as menores de idade non emancipados, fillos/as maiores de idade discapacitados o incapacitados xudicialmente, fillos/as solteiros/as menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar, proxenitor/a separado/a ou divorciado/a legalmente no caso de custodia compartida, persoa que por novo matrimonio ou situación de unión de feito ou análoga viva no domicilio familiar co proxenitor/a do/a alumno/a, pai e nai e tódolos descendentes que convivan con eles no domicilio familiar aínda que non exista vínculo matrimonial entre eles), **dan a súa autorización para que se poida levar a cabo a consulta telemática** (renda familiar, identidade, discapacidade do 33% dalgún membro da unidade familiar acreditada polo Instituto Nacional da Seguridade Social, discapacidade do alumnado igual ou superior ao 65% e alumnado de Educación Especial) e **autoricen expresamente a verificación** (grado de discapacidade do 33% dalgún membro da unidade familiar e discapacidade do alumnado igual ou superior ao 65% certificados pola Xunta de Galicia) **non será preciso presentar documentación complementaria algunha**, en caso contrario deberán xuntar coa solicitude e a acreditación dos membros da unidade familiar a **documentación pertinente** en cada caso (DNI, declaracións da renda 2014, certificados de discapacidade, alumnado de Educación Especial).

NOTAS:

1. O alumnado de Educación Primaria matriculado en cursos que participen no proxecto de educación dixital (E-DIXGAL) no curso 2016-2017 –**neste colexio 5º e 6º**– está excluído da participación no fondo solidario e das axudas para adquirir libros de texto, aínda que pode solicitar as axudas para material escolar.
2. O alumnado beneficiario do fondo de libros de texto no curso anterior, 2016-2017, deberán devolvelos unha vez remate o curso e ata o día **23 de xuño de 2016**, agás os alumnos de ESO con materias pendentes que terán de prazo ata o **7 de setembro de 2016**.
3. A listaxe provisional dos beneficiarios do fondo solidario de libros de texto de EP e ESO farase pública antes do **14 de xullo 2016**, no caso das solicitudes excluídas os interesados poderán reclamar nos dous (2) días seguintes á publicación desta listaxe.
4. As listaxes definitivas serán: o **22 de xullo de 2016** para a Educación Primaria e o **15 de setembro de 2016** para a ESO.
5. A entrega dos libros en EP poderá efectuarse logo da publicación da listaxe definitiva ou ben ó inicio do curso 2016-2017. En ESO o centro entregará os libros a partir do **15 de setembro de 2016**.